

# QUIÉN VIO LOS TEMPLOS CAER

# 1729

Lucía Selva, 2025

---

ESTREA EN NUMAX: 27.04.2026 | V.O. | TP | 72 min

Desde hai dous séculos, Chorrojumo, o que un día foi "o Rei dos Xitanos", deambula en silencio polas rúas de Granada. A chegada de Anas, un mozo marroquí en busca da casa dos seus antepasados, inicia unha busca polas ruínas da cidade en transformación.

A sesión contará cun coloquio en liña coa directora ao remate da proxección.



## Entrevista con Lucía Selva:

«Sabemos que temos unha cidade moi bonita, o problema é como xestionamos o que se está vivindo»

Por Miguel Navas

**Como é posible que unha película tan granadina sexa premiada en países tan diferentes ao noso?** No fondo, se chegou ata alí a película é porque algo dela conecta cos procesos que están a vivir esas cidades, independentemente do lugar. Tamén ten un atractivo que para min é fundamental e é do valor histórico que ten a cidade, que chama a atención.

**Pero non teme que a película consiga xustamente atraer a máis turistas?** De feito, cando estreamos en Shanghái, foi moi forte porque veu moitísima xente a falar connosco despois do pase e todos dicían que querían vir a Granada e foi un pouco efecto chamada (risas), pero supoño que ao final é un pouco co que lidamos, sabemos que temos unha cidade moi bonita, o problema é como xestionamos o que se está a vivir.

**De feito, moitos dos argumentos a favor do turismo pasan polo seu impacto económico.** Claro, pero debemos reflexionar cal é a calidade dese emprego e quen realmente se ve beneficiado dos ingresos do turismo. Independentemente diso, creo que hai unha cuestión de que tipo de turismo estamos a beneficiar e que supón iso para a cidade. O outro día sóubose que un centro de menores ía converterse en hotel, é moi forte.

**Na película xoga coa idea das covas do Sacromonte convertidas en Airbnb.** Pero é que iso é algo que ocorreu de verdade e foi Curro Albaicín [narrador da película] quen me contou todo ese proxecto das covas de luxo que houbo no seu momento, aínda que nunca se chegou a facer, pero é real, mesmo se chegou a desaloxar a varios dos seus habitantes.

**Presenta a Chorrojumo como o primeiro guía turístico, quizá el sexa o primeiro responsable tamén.** A min gustábame velo con esas capas e contradicións que podía ter, pero para min na película é o garda desa cidade antiga, desa Granada súa e parecíame bonito poñelo a dialogar co que iniciara dalgún xeito sen saber a repercusión que ía ter.

**Na película, só a xente maior parece falar con el, para o resto é pouco máis que unha pantasma. Sinal de que ninguén lembra a ese personaxe?** Claro, para min é unha figura que aparece completamente desfasada, aínda que no seu momento fose o maior atractivo que buscaba a xente ao vir. Tamén me gustaba que puidese parecer mesmo un farsante, como un tolo de Granada, como hai tantos nesta cidade, que segue vagando polas rúas.

**Vostede rodou esta película despois de irse a Barcelona, tivo que saír fóra para ver o que había en casa?** Na miña casa sempre foi unha figura que se contou desde o mito e tíveno moi presente. Pero o interese por Granada vén tamén porque vou estudar fóra e veño tres veces ao ano e cada vez que viña vía que os cambios na cidade eran máis acelerados e grandes. Eu ademais vivo preto da Plaza Nueva, onde se viu de xeito moi evidente esa destrución do barrio. Entón empezou a afectarme de xeito privado.